

Corrección de erros.-Resolución do 27 de decembro de 2010, da Secretaría Xeral da Emigración, pola que se aproban as bases reguladoras das axudas, en réxime de concorrencia competitiva, a entidades sen ánimo de lucro, para desenvolver accións de formación laboral, cofinanciadas polo Fondo Social Europeo, que contribúan a incrementar a participación das persoas inmigrantes e retornadas no mundo laboral, na Comunidade Autónoma galega e se convocan para o ano 2011.

Advertido erro no artigo 4º-1-b do anexo I da devandita resolución publicada no *Diario Oficial de Galicia* nº 7, do mércores 12 de xaneiro de 2011, cómpre efectuar a oportuna corrección:

Onde di: «-Do 11% ao 19%: ata 10 puntos»; debe dicir: «de máis do 10% ao 20%: ata 10 puntos».

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

Orde do 11 de xaneiro de 2011 sobre aprobación definitiva do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Outes (A Coruña).

O Concello de Outes remite o Plan Xeral de Ordenación Municipal para a súa aprobación definitiva, conforme o artigo 85º.7 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

Antecedentes.

1. O Concello de Outes dispón dunhas normas subsidiarias de planeamento aprobadas definitivamente o 5-8-1977, que foron obxecto de cinco modificacións puntuais.

2. Con data do 21-9-2005 emitíase informe previo á aprobación inicial, de acordo co previsto no artigo 85º.1 da LOUG.

3. O Concello de Outes aprobou inicialmente o PXOM o día 14-12-2007; e someteuno a información pública mediante anuncios nos xornais *La Voz de Galicia* e *El Correo Gallego* do día 2-2-2008, así como no DOG do 1-2-2008. Simultaneamente deuse audiencia aos concellos de Negreira, Muros, Noia, Mazaricos e Brión; e solicitáronse informes da Demarcación de Costas de Galicia, Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, Consellería de Sanidade, Delegación do Goberno en Galicia, Dirección Xeral de Conservación da Natureza, Dirección Xeral de

Calidade e Avaliación Ambiental, Servizo Provincial de Estradas da Coruña, Delegación de Economía e Facenda, Augas de Galicia, Portos de Galicia, Dirección Xeral de Montes e Industrias Forestais, Servizo de Protección do Litoral da CPTOPT e Deputación Provincial da Coruña.

4. Segundo consta no expediente, emitíronse os seguintes informes:

-Da Dirección Xeral de Montes e Industrias Forestais da Consellería do Medio Rural de data 24-1-2008.

-De Portos de Galicia, após a emisión dun informe desfavorable do 18-2-2008, consta a emisión dun segundo informe o 12-3-2009.

-Da Dirección Xeral de Sustentabilidade da Costa y o Mar do Ministerio de Medio Ambiente y Medio Rural e Mariño, informes de datas 29-4-2008 e 27-3-2009, emitidos ao abeiro do artigo 117º.1 e 117º.2 da Lei de costas, respectivamente.

-En materia de estradas autonómicas, informe favorable da Dirección Xeral de Obras Públicas da CPTOPT de data 12-5-2008, cunha serie de condicións.

-Informe da Dirección Xeral de Conservación da Natureza, do 20-6-2008.

-En materia de estradas provinciais, informe da Deputación Provincial da Coruña do 9-10-2008, favorable cunha serie de condicións.

-Informe en materia de costas da Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, en virtude dos artigos 112º e 117º.1 da Lei de costas, do 20-3-2009.

5. O Pleno do Concello de Outes aprobou provisionalmente o 11-12-2008 o documento do Plan Xeral de Ordenación Municipal, tras o informe suscrito polo secretario da corporación e mais o arquitecto técnico municipal de decembro do 2008.

6. A Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental elaborou a memoria ambiental correspondente ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica do PXOM do Concello de Outes o 15-4-2009 (DOG nº 153, do 6 de agosto).

7. O expediente municipal foi remitido a esta consellería para resolver sobre a súa aprobación definitiva, tendo entrada no rexistro desta en data 29-10-2009.

8. En virtude do previsto no artigo 85º.5 da LOUG, en data 18-11-2009 requiriuse ao Concello de Outes para que corrixisse unha serie de deficiencias observadas na documentación e tramitación do plan.

9. Coa finalidade de dar cumprimento ao devandito requirimento e incorporar ao PXOM aprobado provisionalmente as consideracións contidas na memoria ambiental, o Pleno do Concello de Outes someteu de novo a aprobación provisional o 29-12-2009 o documento do Plan Xeral de Ordenación